

FUNCIONARIZACIÓN: CONVOCATORIA DAS PROBAS.

Santiago de Compostela 15/03/24

Publicadas en DOG as Resolucions das comisións designadas para xulgar os procesos de funcionarización, polas que se fan públicos a data, a hora e o lugar das probas:

- Corpo superior da Administración xeral e corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1:
 - Día 16 de abril de 2024
 - Hora: en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas
 - Lugar: na aula 7 da EGAP.

- Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2:
 - Día 16 de abril de 2024.
 - Hora: en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas.
 - Lugar: aulas 6 e 11 da EGAP.

- Corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B:
 - Día 9 de abril de 2024.
 - Hora: en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas.
 - Lugar: nas aulas 7, 8, 11 e 12 da EGAP.

- Corpo auxiliar da Administración xeral e corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2:
 - Día 23 de abril de 2024
 - Lugar: EGAP
 - Hora: en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas, de acordo coa seguinte distribución:
 - Aula 2

Grupo V, categoría 14	Bombeiro/a forestal
Grupo V, categoría 10B	Vixilante fixo defensa contra incendios
Grupo V, categoría 10C	Emisorista defensa contra incendios
Grupo IV, categoría 33	Bombeiro/a forestal condutor motobomba



▪ **Aula 6:**

Grupo IV, categoría 20	Conserxe
Grupo IV, categoría 01	Auxiliar de gravación
Grupo IV, categoría 32	Operador/a codificador SPDCIF
Grupo IV, categoría 05	Oficial/a 2ª cociña
Grupo IV, categoría 22	Oficial/a 2ª reprografía
Grupo IV, categoría 11	Axudante de laboratorio

▪ **Aula 7:**

Grupo IV, categoría 03	Auxiliar de enfermaría
Grupo IV, categoría 18	Oficial/a de 2ª
Grupo IV, categoría 16	Conductor/a

▪ **Aula 8:**

Grupo V, categoría 14A	Bombeiro/a forestal, condutor/a
Grupo IV, categoría 06	Axudante/a de servizos técnicos
Grupo IV, categoría 35	Auxiliar de arquivos e bibliotecas
Grupo IV, categoría 09	Oficial/a 2ª agrario
Grupo V, categoría 09	Celador/a 2ª. Vixilante recursos naturais

– **Agrupación profesional de persoal funcionario:**

- Día **23 de abril de 2024**
- Lugar: EGAP
- Hora: en chamamento único que se iniciará ás **16.00 horas**, de acordo coa seguinte distribución:

▪ **Aula 8.**

Grupo V, categoría 02	Axudante/a de traballos ou oficios
Grupo V, categoría 12	Peón/oa laborante

▪ **Aula 10**

Grupo V, categoría 03	Ordenanza
Grupo V, categoría 08	Peón/oa agrario

▪ **Aula 11**

Grupo V, categoría 01	Camareiro/a limpador
Grupo V, categoría 10F	Peón/oa forestal
Grupo V, categoría 11	Limpador/a



▪ Aula 12

Grupo V, categoría 11	Limpador/a
-----------------------	------------

- As listaxes coa **distribución de persoas aspirantes** por aula estarán dispoñibles no portal web corporativo www.xunta.gal/funcion-publica/funcionarizacion
- As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal e bolígrafo de tinta azul ou negra.
- Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- Para o desenvolvemento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples.
- Considérase que se axusta ao anteriormente exposto levar os textos legais acoutados; non é necesario levar completos os textos legais sobre os que se formulou a batería de preguntas, sempre que eses textos non leven comentarios nin ningunha outra alteración ou modificación. Os textos legais poden estar subliñados sempre que non leven ningún tipo de anotación.
- Está permitido que os textos legais leven unha marca de auga ou un logo indicativo da entidade que os elaborou, sempre e cando cumpran as restantes condicións anteriormente indicadas.
- Durante a realización da proba non está permitido o uso da batería de preguntas publicada na páxina web.

